

Mércores, 17 de xaneiro de 2024

Núm. 12

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CANGAS****Persoal, oposicións**

NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA UNHA PRAZA DE SEPULTUREIRO/A, PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021

ANUNCIO NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA UNHA PRAZA DE SEPULTUREIRO/A, PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021

Mediante Resolución de Alcaldía n.º 2024-0017 de data 9 de xaneiro de 2024 o Concello de Cangas resolveu o seguinte:

“Mediante Decreto da Alcaldía do día 13 de Decembro de 2022 aprobouse a convocatoria e as bases do proceso de selección de 1 praza de persoal funcionario sepultureiro/a, Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo C2, no marco do proceso de estabilización de emprego da Lei 20/2021.

As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA e no BOE de 30/12/2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Cangas e na páxina web municipal a proposta de nomeamento.

Conforme ao disposto no artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, para adquirir a condición de funcionario de carreira as persoas nomeadas prestarán acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico e tomarán posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

Por todo o exposto e de conformidade con el artículo 21.1.h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local,

RESOLVO

PRIMERO.— Nomear funcionario de carreira do Concello de Cangas a JESUS MALVIDO FERNÁNDEZ con DNI n.º ***11617* para ocupar unha praza de sepultureiro, Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo C2.

SEGUNDO.— Notificar a presente resolución ó aspirante que obtivo a praza, comunicándolle que deberán prestar acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico e tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta no Departamento de Persoal.



Mércores, 17 de xaneiro de 2024

Núm. 12

TERCEIRO.— Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro (físico e electrónico) deste Concello.

CUARTO.— Aprobar a lista de substitucións prevista nas bases coa composición e orde seguinte:

<i>N.º</i>	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>
1º	BARREIRO MALVIDO DUARTE	***40976*

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde da listaxe garantindo que todas as persoas que o integran vaian cumprindo por esta orde o mesmo número de chamamentos progresivamente. Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión da listaxe. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe sen exclusión daquel de tal xeito que poderá volver ser chamado novamente cando seguindo a orde lle volva a tocar. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da listaxe.

QUINTO.— Comunicar ós Departamentos municipais de Persoal, Intervención, Tesourería, Comité de Empresa e Xunta de Persoal ós efectos oportunos.”

En Cangas, a 9 de xaneiro de 2024.

A Alcaldesa, Araceli Gestido Rodríguez.

